

QUE TES QUE FACER SE PERDES OU CHE ROUBAN A TÚA TARXETA?

Se algunha vez perdes ou che rouban a túa tarxeta, debes actuar rápido para protexer o teu diñeiro e os teus datos.

Para facelo, debes seguir estes pasos:

1. BLOQUEA A TARXETA

Pide á túa entidade financeira que bloquee a tarxeta.

Podes facelo de 2 maneiras:

- Chama o número que a túa entidade financeira ten para estes casos.
Non importa se estás en España ou no estranxeiro.
- Entra na aplicación ou na páxina web da túa entidade financeira, a través do móbil.
É moi doado: entra na aplicación, selecciona a tarxeta e fai clic na opción de bloquear.

2. DENUNCIA O ROUBO

Despois de bloquear a tarxeta, vai á policía e pon a denuncia.

Se alguén usa a túa tarxeta, a denuncia servirache para reclamar e que che devolvan os cartos.

3. REVISAR A TÚA CONTA

Lembra que non fai falla ter a tarxeta na man para facer compras.

Ás veces, abonda con saber:

- o número da tarxeta,
- a data de vencemento,
- o nome do titular,
- e o código de seguridade.

Por iso, revisa os pagamentos que se fixesen coa túa tarxeta para saber cales non son teus.

4. RECLAMA OS CARGOS SOSPEITOSOS

Se ves algún pagamento que non fixeches ti, chama a entidade financeira e avisa ao servizo de atención ao cliente.

A persoa que te atenda axudarache a reclamar o diñeiro que ti non autorizases para gastar.

5. PROTEXE A TÚA TARXETA E O TEU PIN

Ti es responsable de protexer a túa tarxeta e o teu número secreto, o PIN.

Así que usa a tarxeta de maneira segura e non compartas o teu PIN con ninguén.



Consellos para evitar estafas:

- **Conéctate dende un wifi seguro.**
Protexe o teu wifi cun contrasinal.
- **Compra só en webs seguras.**
Para saber se unha web é segura,
observa se hai un cadeado na parte de arriba do navegador
e comproba que o enderezo empece por «https».
- **Protexe o teu móbil.**
Pon un contrasinal que só coñezas ti
e activa a función de localización por se o perdes.
- **Protexe a túa tarxeta.**
Se a perdes ou cha rouban, usa só as opcións
que che dá o banco para avisar da perda ou do roubo.
- **Non compartas información persoal.**
Coidado coas redes sociais:
se compartes información persoal,
os estafadores poderían usala.
- **Non compartas os teus datos bancarios.**
Non os escribas en papel
nin os compartas con amigos ou por internet.
- **Vai con coidado.**
Cando poñas o teu PIN no caixeiro
ou utilices a túa tarxeta,
asegúrate de que ninguén estea a mirar.
- **Vixía as túas cousas.**
Pon atención, sobre todo, en lugares con moita xente.